

CEIP do Foxo



**TELÉFONO: 886 151046 - 886 151047
620 255288**

EDUCACIÓN INFANTIL

PRESENTACIÓN

Empeza o curso e con tal motivo queremos informarvos dunha serie de feitos que debedes saber e recordar. As clases comezan o día **10 de setembro** para os/as alumnos/as de 3 e 4 anos e o **11 de setembro** para os/as de 5 anos.

Os/As nenos/as de 3 anos, terán un período de adaptación que durará ata o 30 de setembro, que se detalla mais adiante.

Os nenos e nenas de 4 anos, como medida excepcional, este curso van ter período de adaptación para a incorporación ao colexio. Durante 10 días lectivos terán xornada reducida. Entrarán todos ás 11.15 h e sairán entre as 13.25 e 13.40 h. O 25 de setembro xa entrarían en horario normal de

9.20 a 13.40.

A partires de outubro tamén pola tarde.

Os nenos e nenas de 5 anos empezan o 11 de setembro ás 10.00 h. O luns 14 de setembro xa entrarían en horario normal ás 9.20h e sairían entre as 13.25 e 13.40 h.

A partires de outubro tamén pola tarde.

Titorías de Educación Infantil para o curso 2020/2021:

3 anos A - M^a del Mar Bernal

Enderezo electrónico:

4aceipofoxo@gmail.com

3 anos B - Portal Fernández

Enderezo electrónico:

4binfantilofoxo@gmail.com

4 anos - Begoña López

Enderezo electrónico:

543543infantil@gmail.com

5 anos - Patricia Tarrío

Enderezo electrónico:

5anosinfantilofoxo@gmail.com

Especialistas:

Música - Sandra Souto

Inglés - Ana M^a Agulla

Relixión - Lourdes Iglesias

Psicomotricidade - Xosé Luna

Estimulación da linguaxe oral - Vanesa Valiñas

Atención educativa - Titora

HORARIO

- Durante os meses de **setembro e xuño** o **horario** será: a entrada ás 9:20 e a saída de 13.25 a 13:40. Agás o alumnado de 3 anos que durante o mes de setembro deben rexirse polo horario do período de adaptación detallado mais adiante.

O resto do curso será: polas mañás a entrada ás 9:20h e a saída de 13:25h a 13:40 h e as tardes do luns e mércores a entrada ás 15:35h e saída entre as 17. 00h e as 17:15h.

- O **horario de atención a pais e nais** será os mércores de 17:15 a 18:15. Este curso as titorías de pais e nais faranse vía telefónica preferentemente. As presenciais faranse de maneira excepcional. Cando queirades falar coa mestra titora na hora de atención a pais,

hai que pedir cita previa ao enderezo electrónico específico de cada aula ou a través da aplicación Abalarmóbil.

- A semana de entrega de notas e a anterior, que é a da avaliación, non se darán citas de titoría. Por norma xeral non se reciben pais/nais no mes de xuño, agás casos excepcionais que sexan requiridos polo titor. Estas medidas son xerais do centro para todos os cursos.

Durante este curso as notas informativas e autorizacións da escola mándanse a través da aplicación AbalarMóbil (que sería convinte que a descargarades) ou enderezo electrónico.

Moi importante a actualización dos teléfonos antes do inicio de curso.

- Os pais e nais non podedes acceder ao centro nas entradas e saídas dos nenos/as. Os nenos e nenas de infantil van esperar o timbre da entrada nun espazo específico para cada curso dentro do salón de actos.

- Os nenos que veñen acompañados dos pais entran

pola porta traseira e será o profesorado de garda o encargado de levarlos ao salón de actos.

- Este ano traerase o mandilón nunha bolsa de tea, a poder ser, e quedará na aula. En caso de ter que usarse mandarase a lavar o día que se utilice, deberase devolver lavado ao día seguinte (debido á situación Covid). Debido a esta mesma situación precisamos que as gorras vaian e veñan todos os días, e as mochilas que traian os nenos/as sexan pequenas e sen rodas.

RECOMENDACIÓNS

- **A asistencia á clase** debe de ser regular. Se por calquera motivo xustifico ten que faltar, e sabedes que vai ser prolongada, comunicar sempre a súa ausencia á titora por teléfono ou enderezo electrónico. **Se presenta síntomas compatibles coa Covid non o mandedes ao colexio e non fai falla xustificante do médico.** Tendes que chamar ao colexio para informar e ao centro de saúde.
- Se tendes que vir **recoller ao neno/a antes de que remate a xornada lectiva** é

recomendable que avisedes ao titor. Ao chegar ao centro o conserxe avisa na aula correspondente e recolle a firma para deixar constancia da hora a que o sacades.

- Vestir as/os nenos/as con **roupa cómoda** para ir a escola (zapatos sen cordóns, pantalóns con goma sen botón nin cintos, non petos), pois isto permitirá que se manexen con maior autonomía á hora de ir ao baño.
- **No caso de que se levante con febre (37,5° ou máis), tose, vómitos, diarrea, irritación de gorxa... non o/a mandedes á escola.**
- Procurar mandarlle **merendas sans**. Evitar chuches e produtos industriais. O **xoves** segue sendo **o día da froita**. Por favor, mandádelle a froita que ten monda pelada se o neno/a non é capaz de facelo. Cantidade de merenda axustada ao que come o neno normalmente. Non lle mandedes alimentos que na casa non come.
- **Crear hábitos** na casa que fomenten a súa autonomía, co fin de apoiar o noso labor na escola: recoller os seus xoguetes, ir ao baño só/a, comer só/a,...
- **Deitalos cedo**. Se non dormen o suficiente van estar cansados e máis irritables.

- Poñer **límites e normas** na casa para axudalo na escola a integrarse mellor no grupo. No cole hai normas, límites,... son fundamentais para unha boa convivencia.
- Non mandar aos nenos/as sen **almorzar**. Necesitan un aporte calórico para empezar o día.
- Convén que lle poñades o **nome ás chaquetas** (sobre todo ás do chándal) e abrigos.
- Interesarse polas actividades cotiás que realizan as/os nenos/as na escola, e valorar os traballos que levan para a casa ao final de cada trimestre para motivalos e favorecer unha autoestima positiva.
- Aceptar como propio desta idade as rifas e pelexas entre as/os nenos/as, están aprendendo a convivir entre iguais e a adquirir normas de comportamento social.
- Non facer comentarios negativos da escola nin da mestra diante dos nenos/as.
- Cada nena e cada neno é singular e non caben comparacións coas compañeiras e compañeiros.
- **Que non traian xoguetes da casa.**

- Non se pode mandar ningún tipo de comida para celebrar os aniversarios dos nenos e nenas. Sobre todo polos nenos/as que presentan algún tipo de intolerancia e alerxias alimenticias. E tampouco os típicos agasallos que trae o neno ou a nena para os seus compañeiros/as. O motivo é que se xeran desigualdades entre eles. Nós ímoslle celebrar o aniversario no cole, cantámoslle, é o seu día especial, e regalámoslle unha coroa.

- Ao longo do 1º trimestre comezarán a levar un **libro da biblioteca** para que llo leades na casa. Esta actividade está pensada como momento de encontro coa familia e non para que o neno/a estea só/a. O centro prestaralles unha mochila para levar e traer o libro e así evitar que se estrague. Isto leva consigo unha serie de normas:

- Cambio de libro semanalmente.
- A mochila é a mesma para todo o ciclo de Infantil polo que hai que coidala e cosela en caso de rotura.
- Coidar e facerse responsable dos libros.
- Mentres non se devolva un libro non se levará outro.

- No caso de que se perda ou rompa teredes que repoñelo.

Para o alumnado de 3 anos está actividade non dará comezo ata o segundo trimestre.

- Se un día chegades despois de que toque o timbre da entrada non podedes acceder ás aulas con eles. Ten que ser o conserxe ou outro mestre o que acompañe ao neno/a a súa aula. Son normas de organización de centro e dende a inspección tamén se comentou.
- **Este curso non se van cambiar os nenos/as.** Cando fagan pis ou caca por eles, ou se mollen tendes que vir cambialos.
- O proxecto de centro deste curso xira arredor do camiño de Santiago.
- O material funxible que se solicitou para este curso haberá que traelo dentro da caixa de plástico rotulada co nome do neno/a durante os primeiros días de colexio.
- Os cadernos que solicitamos para este curso deberán ser entregados por trimestres, polo que neste 1º trimestre só se entregará o 1º caderno de mates. Os demais xa se irán pedindo

ao longo do curso.

ORGANIZACIÓN DAS AULAS

Co fin de minimizar o risco de contaxio cada grupo de infantil vai conformar un grupo de convivencia estable. E dentro deste grupo de convivencia estable vai haber subgrupos de convivencia de 4 e 5 nenos/as cada un. Cada subgrupo vai estar sentado nun espazo específico para eles e a 1,5 m de distancia doutro subgrupo.

Para xogar nos recantos van ir por subgrupos.

Os subgrupos cambiaranse por trimestre.

As titoras decidimos a non utilización da máscara dentro da aula por parte dos nenos/as, pero nos espazos comúns e recreo si teñen que poñela.

As titoras levarémolas tanto dentro como fóra de aula.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN (3 ANOS)

A incorporación á escola é todo un acontecemento para os vosos fillos/as. Supón un cambio importante nas súas vidas, xa que implica a saída do mundo familiar que lle é coñecido e onde se sente seguro e protexido, para pasar a outro, que lle é descoñecido e no que se vai atopar:

- Un espazo físico que descoñece
- Persoas que lle son alleas
- Outros rapaces que non coñece e que non sempre lle van axudar
- E outras maneiras de facer as cousas ás que non está acostumado.

Algún menos e nenas, dadas as súas características e vivencias persoais, adáptanse satisfactoriamente á escola; mentres que outros sofren durante os primeiros momentos da escolarización. Algunhas das reaccións negativas que estes poden manifestar son:

- Alteración do sono e da alimentación, trastornos dixestivos, vómitos...
- Ansiedade ante a separación e sentimentos de abandono, medo...
- Condutas regresivas
- Choros, berros, agresión, néganse a falar, a sentarse, a ser atendidos.

Esta é a súa maneira de superar a ansiedade que supón para eles a separación e o conflito interno que lle toca vivir.

Estas alteracións poden aparecer inmediatamente despois da escolarización ou pasados uns días.

RECOMENDACIÓNS PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

- Informar ao profesorado daqueles aspectos

importantes (alerxias, trastornos do sono...) que poidan facilitar o coñecemento dos nenos/as

- Amosar serenidade diante das alteracións de conduta das nenas/os (choros, vómitos...) que poidan aparecer.
- Facer despedidas afectuosas pero curtas, con tranquilidade, sen mentir sobre onde imos ou sobre o tempo que imos tardar en voltar, amosando despreocupación e normalidade.
- Propiciar unha asistencia regular para lograr unha eficaz integración do alumnado.
- A adaptación debe ser individual, sen cabida de comparación entre uns nenos e outros.

Actitudes positivas que SI lles hai que dicir aos nenos/as

- Estes días vas estar no colexio pouquiño tempo e despois voute buscar
- No colexio vas pasalo moi ben, vas xogar co teu grupo de convivencia, vaste divertir e aprender moitas cousas
- Os mestres/as son amigos/as, vante axudar e coidar o tempo que esteas na escola

Actitudes negativas que NON se lle debe dicir aos nenos/as

- Non usedes o colexio como castigo ou ameaza
- Evitar as expresión de tipo: xa verás cando vaias á escola...
- Evitar expresión de tipo; se non te portas ben déixote quedar na escola todo o día, e non te vou buscar.

Queremos engadir que o voso fillo/a dáse perfectamente conta do que vós sentides, percibindo cando estades inquedos; incluso chegan a deducir o que pensades sobre a escola. Por iso é necesario que vexan e sintan que vós estades ledos e non preocupados pola súa entrada no colexio.

HORARIOS E QUENDAS DO PERIODO DE ADAPTACIÓN

O alumnado de 3 anos A

- Ares Rico, Breixo
- Barcala Constenla, Elisa
- Barciela Castro, Daniela
- Camino Neira, Xido
- Carbón Agudelo, Yago
- Carbón Agudelo, Brais
- Figueiras Mosquera, Carlota
- Fuentes Blanco, Hugo
- Fuentes de la Fuente, Alma
- Fuentes Seoane, Lucia
- García Valiñas, Daniel
- Guntín Alonso, Valentina

- Martinez Gálvez, Mario
- Matalobos Vázquez, Lois

Xoves 10 de setembro de 10:45h a 12:15h

Breixo, Elisa, Daniela e Xido

Venres 11 de setembro de 10:45h a 12:15h

Breixo, Elisa, Danilea, Xido + Yago e Brais

Luns 14 de setembro de 10:45h a 12:15h

Breixo, Elisa, Daniela, Xido, Yago, Brais + Carlota e Hugo

Martes 15 de setembro de 10:45h a 12:15h

Breixo, Elisa, Daniela, Xido, Yago, Brais, Carlota, Hugo + Alma e Lucía

Mercores 16 de setembro de 10:45 h a 12:15h

Breixo, Elisa, Daniela, Xido, Yago, Brais, Carlota, Hugo, Alma, Lucía + Daniel y Valentina

Xoves 17 de setembro de 10:45h a 12:45h

Breixo, Elisa, Daniela, Xido, Yago, Brais, Carlota, Hugo, Alma, Lucía, Daniel, Valentina + Mario y Lois

Dende o venres 18 de setembro ata o mércores 30 do mesmo mes, todo o alumnado de 3 anos A acudirá ao centro no seguinte horario: entrada 10:45h e saída entre as 13:25h/13:40h

Alumnado de 3 anos B

- Muiños Diéguez, Álvaro
- Novas Couto, Ánxela
- Porto Fernández, Diana
- Punte Cao, Mariña
- Reboredo Mosquera, Asier
- Redondo Cao, Martín
- Redondo Cao, Pablo
- Rey González, Zaira
- Rozados Garea, Miguel
- Rozados Garea, Raúl
- Sieiro piso, Tania
- Suárez Montoiro, Roi
- Taberna Calvo, Elisa
- Villanueva Porto, Aroa

Xoves 10 de setembro de 11:00h a 12:30h

Álvaro, Anxela, Diana, Marina, Asier

Venres 11 de setembro de 11:00h a 12:30h

Álvaro, Anxela, Diana, Marina, Asier +Martín y Pablo

Luns 14 de setembro de 11:00h a 12:30h

Álvaro, Anxela, Diana, Marina, Asier, Martín, Pablo
+Zaira

Martes 15 de setembro de 11:00h a 12:30h

Álvaro, Anxela, Diana, Marina, Asier,
Martín, Pablo, Zaira
+Miguel y Raúl

Mércores 16 de setembro de 11:00h a 12:30h

Álvaro, Anxela, Diana, Marina, Asier, Martín, Pablo, Zaira Miguel, Raúl + Tania y Roi

Xoves 17 de setembro de 11:00h a 12:30H

Álvaro, Anxela, Diana, Marina,
Asier, Martín, Pablo, Zaira
Miguel, Raúl, Tania, Roy + Elisa y Aroa

Dende o venres 18 de setembro ata o mércores 30 do mesmo mes, acudirá ao centro todo o alumnado de 3 anos B en horario: entrada: 11:00h-saída 13:25/13:40h

A partir do 1 de outubro, dáse por finalizado o período de adaptación e todo o alumnado de 3 anos (A e B) acudirá no horario habitual: polas mañás a entrada as 9:20h e a saída de 13:25h a 13:40 h e as tardes dos luns e mércores a entrada ás 15:35h e saída entre as 17:00h e as 17:15h.

MATERIAL DIDÁCTICO CURSO 2020/2021, 3 ANOS

CADERNOS:

VALENTINA TERESHKOVA 3.0.NIVEL1. EDITORIAL SANTILLANA OBRADOIRO. ANO 2019. GALEGO. ISBN:978-84-9185-071-7

A COCIÑEIRA E O COCIÑEIRO 3.0.NIVEL1. EDITORIAL

SANTILLANA OBRADOIRO. ANO 2019. GALEGO.ISBN:978-84-9185-073-1

A AVENTURA DOS NÚMEROS 1.EDITORIAL PARANINFO ESCOLAR.GALEGO. ISBN:978-84-4031-240-2.

A AVENTURA DOS NÚMEROS 2. EDITORIAL PARANINFO ESCOLAR.GALEGO. ISBN:978-84-4031-241-9.

MATERIAL FUNXIBLE:

- 1 caixa de rotuladores grosos (12 unidades)
- Tesoira de punta roma
- 1 caixa de ceras "jovicolor triwax"
- 2 tacos medianos de plastilina
- 1 barra grande de pegamento PRITT
- 1 lapis JOVI TRIGRAPH MAXIB
- 1 botella de t mpera JOVI
- 1 paquete de 500 folios DIN A4
- 2 metros de velcro adhesivo branco
- 1 caixa de panos de papel
- 1 rolo de papel de cocina maxi
- 1carpeta de gomas
- 1 mandil n que abotoe por diante co nome, e unha m scara de repostro metidas nunha bolsa preferiblemente de tea co nome do neno/a para quedar na aula
- 1 caixa de pl stico transparente tama o folio (altura min 12 cm), co nome do neno para poder meter todo o material
- 1 servilleta de tea para colocar a merenda

- 1 de plástico tipo conxelación cerre hermético
- 1 gorra, que terá que ir e vir tódolos días na mochila
- Unha mochila pequena para traer a merenda (sen rodas)

O material deberá vir todo xunto , dentro da Caixa de plástico, co nome de cada neno/a.